

# CABOREA APONTES

A TÚA TAPA POR SÓ 1€



DO 6 AO 14 DE OUTUBRO  
IV CONCURSO DE TAPAS



**IPPEC**  
INSTITUTO PONTÉS DE PROMOCIÓN ECONÓMICA  
Concellería de Industria, Promoción Económica, Comercio e Hostalaria

  
**Bodegas Altanza**

  
**AED**  
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS  
AS PONTES



## *IV CONCURSO DE TAPAS VILA DE AS PONTES*

### **Bases**

1.- Datas: Do 6 ó 14 de Outubro de 2012

2.- Participantes: Poderán participar tódolos bares, cafeterías, restaurantes e mesóns do ámbito municipal de As Pontes.

3.- Inscrpción: A cuota de inscrpción será de 20€ por establecemento participante, que se abonarán a Asociación de Empresarios e Comerciantes de As Pontes, e que se destinarán a edición dunha guía e plano informativo e publicitario para os clientes.

- a) A inscrpción farase cumprimentando axeitadamente o boletín de inscripción e presentando no Rexistro do Concello ou nas oficinas do IPPEC antes das 13.00 h do día 11 de Setembro.
- b) Xunto co boletín de inscripción deberán presentar:
  - Resguardo do abono da cuota de inscrición
  - Unha foto do establecemento (en formato dixital, cd, pendrive.... visto o establecemento desde fora)
  - Nome da tapa coa que participa e unha breve descripción da mesma.
- c) Os establecementos que non presenten a documentación dos apartados a e b non poderán figurar na guía do usuario editados a tal efecto.
- d) Tódalas inscríções recibidas fora de prazo quedarán fora do concurso.

4.- Cada establecemento poderá presentarse só cunha tapa. A tapa terá para o cliente o precio de 1€.

5.- Os establecementos participantes no concurso obríganse a manter a súa participación durante tódolos días da promoción e no horario establecido, ofrecendo a tapa elexida para o concurso.

**6.- PREMIOS OS HOSTALEIROS:**

- a) Tódalas tapas presentadas optarán ós seguintes premios (premios do xurado popular):

**1º Premio “A MELLOR TAPA PONTESA 2012”**

- b) Premio da Comisión Oficial de Valoración:

**1º Premio a “TAPA COA MELLOR PRESENTACIÓN”**

7.- Tódolos establecementos participantes recibirán un obsequio conmemorativo pola súa participación.

**8.- Sistema de votación constará de dous xurados:**

- a) **Comisión de Valoración Oficial**, composto por 5 persoas da organización que será o encargado de dictaminar a tapa mellor presentada.
- b) **Xurado popular**: Composto polo público en xeral, que desexe dar a súa valoración, para o que deberá cumplimentar axeitadamente o voto, una vez selado por 10 establecementos participantes.
- c) A Comisión de Valoración Oficial, visitará os establecementos participantes en calquer intre, sendo o seu fallo inapelable.

**9.- O horario de degustación será:**

- De mañá: de 12.00 h a 14.00 h
- De tarde: de 19.00 h a 22.00 h

10.-A votación popular realizarase nunha furna precintada, instalada a tal efecto en cada un dos establecementos participantes.

11.- O lúns día 15 de Outubro a primeira hora procederase a recollida das furnas cos votos do xurado popular.

Os establecementos que este día pechen se encargarán persoalmente de depositar a furnas no propio Concello, antes das 14:00 h. do día 15 de Outubro.

Calquera furna manipulada, desprencitada ou presentada fora de prazo (14:00 h do 15 de Outubro), quedará anulada do concurso, con tódolos votos que conteña.

12.- O acto de clausura e dictame dos xurados, así como a entrega de premios terá lugar o día 19 de Outubro, ás 19 horas na Casa Dopeso, ao que deberán asistir tódolos establecementos participantes.

13.- Os establecementos participantes quedan obrigados a acatar as bases do concurso.

A organización resolverá calqueira incidencia que poida xurdir durante o concurso, e terá plena potestade para a interpretación das presentes bases.

14.- O xurado popular: poderá ser xurado popular o público en xeral, previa cumplimentación correcta dos cupóns destinados á votación, que deberán ir selados por 10 establecementos participantes.

- a) Tódolos cupóns mal cumplimentados ou inintelixibles quedarán anulados tanto o voto emitido como a participación no sorteo de premios aos clientes.
- b) Os votos deberán ser depositados nas furnas colocadas a tal efecto nos establecementos participantes antes das 24 horas do día 14 de Outubro.

#### 15.- PREMIOS AOS CLIENTES:

- a) Sortearánse entre tódolos clientes participantes co seu voto un total de 25 viaxes para 2 persoas coa estancia de dúas noites en réxime de aloxamento e almorzó no Hotel Montalvo de Sanxenxo (Rías Baixas) e que terá lugar obligatoriamente do 26 ao 28 de outubro do 2012.

O desprazamento farase en autobús con saída de diante do Concello o día 26 de outubro as 19:30 h.

- b) O premio non poderá ser canxeado por metálico, non poderá realizarse noutras datas que non sexan as especificadas anteriormente, é será persoal e intrasferible, de tal xeito que o

titular agraciado terá que ser forzosamente o receptor do mesmo, pero sí que poderá designar o acompañamento que desexe.

- c) sorteo celebrarase o martes día 16 de outubro en presenza das cámaras de TVEUME ás 12 da mañá e perante a Secretaria do Concello que dará fé do mesmo.
- d) O sorteo consistirá na extracción de 25 papeletas por riguroso orde, sin que poida recaer máis de un premio na mesma persoa. A continuación procederáse a extracción de 25 suplentes, tamén por riguroso orde que substituirán aos premiados no suposto de imposibilidade dos mesmos. A orde establecida de suplencia será o orden a que se produzca a extracción de papeletas.

15.1.- Sortearase entre tódolos clientes participantes co seu voto una estancia na Rioxa para catro persoas de dous días de duración, que incluirá : aloxamento, almorzó, visita a bodega e una comida na mesma. Este premio é cortesía de Bodegas Altanza.

- a) Este premio será para un só titular, e será persoal e tintrasferible, de tal xeito que o titular agraciado terá que ser forzosamente o receptor do mesmo, pero sí que podrá designar aos 3 acompañamentos que desexe.
- b) O sorteo celebrarase o martes día 16 de outubro en presenza das cámaras de TVEUME ás 12 da mañá e perante a Secretaria do Concello que dará fé do mesmo.
- c) O sorteo consistirá na extracción de unha papeleta premiada e a continuación procederáse a extracción de dous suplentes, tamén por rigurosa orde que sustituirán o premiado no suposto da imposibilidade do mesmo. A orde establecida da suplencia será a orden a que se produza a extracción de papeletas.

## 16.- ENTREGA DE PREMIOS

- a) acto de entrega de premios terá lugar o día 19 de outubro ás 19.00 horas na Casa Dopeso, coincidindo coa entrega de premios os establecementos participantes no concurso.
- b) Coa cumplimentación do cupón de voto-sorteo, cada participante outorga o seu consentimento a utilización dos

seus datos polos establecementos participantes así como pola entidade organizadora Concello de As Pontes- IPPEC, en calquera promoción relativa a hostalaría pontesa, así como calquer outra promoción ou publicitación. Dacordo ca Lei Orgánica 15/1999, os participantes poderán solicitar a eliminación dos seus datos dirixíndose o Instituto Pontés de Promoción Económica ( IPPEC).

17.-A Organización será a única con potestade para resolver as incidencias que poidan xurdir durante todo o trascurso de esta campaña e terá plena potestade para a interpretación e cumprimento das presentes bases.

18.- As presentes bases serán publicadas no tablón de anuncios do IPPEC e do Concello de As Pontes, así como nas súas respectivas páxinas web.